

REMÍTIDO



RIBEIRA SACRA

"Ribeira Sacra é unha D.O. que sen facer moito ruido é a que máis ruido está facendo"

A sede do Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra acollía hoxe pola mañá a entrega dos diplomas correspondentes ás "Distincións Gallaecia" que entrega a Asociación de Sumiñeres Gallaecia. Para o acto de entrega acudían a Presidenta de Gallaecia, Mercedes González; o Vicepresidente de Gallaecia, Luis Peadín e o Presidente do Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra, José Manuel Rodríguez, ademais dos representantes das adegas con viños premiados:

Branco

REGINA VIARUM 2009, REGINA VIARUM S.L. (subzona de Amandi)

Tinto

CASA NOGUEDO 2009, MARCOS FERNÁNDEZ, RAMÓN (subzona de Amandi); **CONDADO DE SEQUEIRAS 2009**, GRUPO PEAGO (subzona Chantada); **ESTRELA 2009**, CARLOS DÍAZ DÍAZ (subzona de Amandi); **QUINTA DE ALVARADO 2009**, AS OUBENZAS C.B. (subzona Chantada); **REGINA EXPRESIÓN 2007**, REGINA VIARUM S.L. (subzona de Amandi); **SAINAS 2009**, JAVIER FERNÁNDEZ GONZÁLEZ (subzona Ribeiras do Miño); **VIÑA REGUEIRAL 2009**, JOSE RODRIGUEZ PRIETO (subzona de Amandi)

Nesta edición catáronse 397 viños de todas as D.O. galegas, correspondendo á D.O. Ribeira Sacra 61 viños, 13 brancos e 48 tintos, dos que pasaron á cata final 5 brancos e 17 tintos.

Destacaba a Presidenta de Gallaecia que Galicia fora coñecida, tradicionalmente, polos seus viños brancos, pero que, cada vez máis, os tintos estaban sendo referencia e que, nesta ocasión, moitos tintos superaran en puntuación aos brancos. Apuntaba tamén que os brancos de Ribeira Sacra presentaban, cada ano, mellores resultados, conseguindo trasladar o carácter da zona. Mercedes González afirma "Ribeira Sacra é unha D.O. que sen facer moito ruido é a que máis ruido está facendo". Os viños premiados por Gallaecia para estas Distincións obtiveron todos máis de 80 puntos, polo que aseguraban, desde a Asociación, que sen viños que poden obter premios en calquera certame. Agradecían do Consello Regulador da Ribeira Sacra, que sempre tiveran as portas abertas para a Asociación Gallaecia e apostaban pola defensa dos viños galegos, ao tempo que animaban a todos os adegoiros a "facer sempre o viño desde o corazón".

Luis Peadín resaltaba a gran participación de viños nas convocatorias da Asociación; a maior, dos certames que se desenvolven en Galicia, o que consideraba un aval ao traballo feito desde o comezo. Daba conta de que se envía, unha referencia de todos os viños galardoados como "Distinguidos Gallaecia", a 500 establecementos de España.

O Presidente do Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra lembraba que o traballo da Asociación Gallaecia e o da D.O. Ribeira Sacra, comezaba case ao tempo, agradecía a promoción que fan dos viños galegos e asegurou que ese era o camiño "apostar polos produtos nosos porque son produtos que poden competir en calquera sitio".

Nos distintos certames e concursos que se celebran ao longo do ano, os viños premiados da D.O. Ribeira Sacra varían, isto servíelle a José Manuel Rodríguez para deixar constancia de que os viticultores e as adegas de Ribeira Sacra constituían un grande equipo, no que unha veces gañan uns a outras outros, polo que animou aos integrantes da D.O. a seguir traballando nesa liña. "Os nosos viños non son, soamente recoñecidos, senón recoñecidos e o reto é seguir neste camiño, facendo bos viños e promocionándoos."